



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fjades.diaoruna.es

SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA DIA 28 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.20 horas do día 28 de decembro de 2017; a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, , D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. José María Pérez Lagos, D^a. Nelly Iglesias Rey, D^a Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria-Interventora do Concello Dona Carmen Gómez Otero, e coas ausencias de D. Óscar Botana Rúa e D. Juan Carlos Portos Bra.

O Alcalde- Presidente da apertura á orde do día.

ORDE DO DÍA

1.- MOCIÓN CONTRA A SUBIDA DE PEAXES NA AP-9.-

Expón este punto o concelleiro do BNG, Don José María Pérez Lagos cuxo grupo solicitou a convocatoria desta Sesión, procedendo a dar lectura á moción co teor literal seguinte

A continuación explica que a empresa concesionaria reduciu o persoal. O BNG leva anos demandando que sexa gratuita, que se supriman os peaxes e que a Xestión sexa competencia directa da Xunta de Galicia. O BNG quere autoestradas libres.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Estado, a través do Ministerio de Fomento, acaba de autorizar a Audasa unha subida extraordinaria durante os próximos 3 anos do 3,1% para todos os tramos da AP-9, e que vén representar o dobre do IPC.

A privatización da AP-9 no 2003 está a significar grandes incrementos das peaxes nunha infraestrutura que está en mans dun fondo especulativo norteamericano e que goza dunha concesión ampliada ata o ano 2048 baixo o Goberno do PP presidido por Aznar. Unha explotación que outorga grandes beneficios económicos por unha infraestrutura xa amortizada, como demostran os multimillonarios beneficios da empresa concesionaria. Beneficios que nin sequera repercuten na mellora do servizo. Non se mellorou a iluminación nin o asfaltado en moitos tramos e reduciuse drasticamente o persoal das cabinas de pago. Rexistran colas de horas en períodos estivais ou datas sinaladas sen adoptarensen medidas de ningún tipo.

O BNG leva demandando desde fai anos que se tomen medidas para que a AP-9 sexa unha vía de comunicación galega, de competencia do Goberno galego, e de acceso gratuito para todas as galegas e galegos. O BNG presentou iniciativas tanto no Parlamento de Galiza como no Congreso dos Deputados para demandar, entre outras medidas, a súa transferencia á Xunta de Galiza e que se suprimisen as peaxes.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fjades.diaonua.es

Mais depende do Goberno do Estado que mantén peaxes desorbitadas para as persoas con menos recursos e lastran o desenvolvemento de sectores económicos galegos.

Con todos estes precedentes, é necesario que a Xunta de Galiza deixe de mirar para outro lado e asuma as demandas da cidadanía galega que precisa a supresión das peaxes, melloras na autoestrada, que remate a explotación privada da AP-9 e se converta nunha autoestrada pública e gratuíta de titularidade galega.

O ano pasado, o Parlamento de Galiza, por unanimidade das forzas políticas, aprobou a 'Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza', que foi remitida ao Congreso para a súa tramitación e aprobación final.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas, os incrementos constantes e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias da AP-9.

Tamén, en febreiro deste ano, aprobouse unha iniciativa do BNG polo que o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.>>

A continuación solicita do Pleno municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Manifestar o rexeitamento á subida das peaxes na AP-9, instando á Xunta de Galiza a que demande a súa supresión.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que cumpra os acordos do Parlamento galego e demande do Goberno do Estado:**
 - **A transferencia da AP-9 á administración galega.**
 - **A supresión da peaxe no treito da AP-9 Vigo-Rande.**
- 3. Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza, presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.**

A continuación o portavoz do grupo municipal do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa procede a dar lectura á resposta á moción do BNG:

<<SOBRE A SUBA DAS PEAXES

A nos tampouco nos gustan as peaxes. A todos nos gustaría que as autoestradas foran gratuítas. Pero con demagoxias, confusión e política cortoplacista partidista, como as que demostra o BNG con esta moción, non se vai a acadar.

Esquecen vostedes que a suba das peaxes das que estamos a falar hoxe é consecuencia directa dun acordo asinado polo Goberno do señor Rodríguez Zapatero para financiar as obras de ampliación da autoestrada, que se están levando a cabo tanto na área de Vigo como en Santiago para garantir a capacidade, a fluidez, a funcionalidade e a seguridade viaria.

A suba nas tarifas das peaxes vén derivada do acordo asinado entre o ministro José Blanco e a concesionaria da autoestrada nos últimos momentos do Goberno Zapatero.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fjades.diaonua.es

Foi un Goberno socialista -o goberno co que vostedes foron socios en Galicia e que apoiaban en Madrid- quen decidiu que a ampliación da AP-9 a realizase a concesionaria e a pagasen os galegos a través dunha suba das peaxes. É unha decisión blindada nun Real Decreto e publicada no Boletín Oficial do Estado o 24 de novembro de 2011. Un Real Decreto que, na súa cláusula sexta autoriza un incremento extraordinario de tarifas nos percorridos con pago directo polos usuarios da AP-9, en todos os seus tramos, do 1 por 100 anual acumulativo durante vinte anos.

Isto é o que autorizou o PSOE, o seu socio de Goberno en Galicia e o Goberno ao que vostedes apoiaban en Madrid. Non é unha decisión de onte nin de antonte. Non é unha decisión deste Goberno da Xunta, nin é unha decisión do Goberno de Mariano Rajoy.

Porque a historia do Goberno Zapatero ao respecto da AP-9 é unha historia de CONVENIOS RUINOSOS para os cidadáns e REDONDOS PARA AUDASA:

- *O convenio que amplía a capacidade da autoestrada con cargo a un incremento da peaxe e que, aínda por riba, fai os cálculos dándolle á concesionaria un interese do 8% fixo anual. Un interese que xa quixeramos calquera de nós para os nosos aforros. A AUDASA non só lle vamos a pagar os 250 millóns das obras. Ímoslle pagar iso máis un 8% de intereses.*

- *E o convenio entre o Goberno Zapatero e o Bipartito que nos condenaba a pagarlle a AUDASA 15 M€ ao ano máis IPC pola gratuidade dos treitos Morrazo – Vigo e A Barcala - Coruña:*

o *Malo para a Xunta porque pagaba máis de 7 M€ dunha peaxe dunha autoestrada estatal.*

o *Malo para o Goberno central porque o convenio non tiña en conta o incremento de tráfico que se produciría con esa bonificación e non había límite de beneficio para a concesionaria.*

o *E un negocio redondo para AUDASA posto que os seus ingresos se incrementaban ao dobre neses treitos pagados pola Xunta e o Ministerio de Fomento.*

A día de hoxe a Xunta xa non paga (ver apartado da Comisión Bilateral da AP-9) e o Ministerio está refacendo o sistema de cálculo.

AS PEAXES TAMÉN SUBÍAN NO BIPARTITO E NINGUÉN DICÍA NADA

Vostedes agora manteñen esta postura contraria á subida das peaxes, pero cando o Goberno da Xunta e do Estado era socialista... os incrementos eran os mesmos e vostedes votaban en contra da transferencia da Autoestrada.

Ano 2009 (tarifa aprobada en 2008): +4,49%

Ano 2008: +2,23%

Ano 2007: +3,73%

En conxunto, do 2005 ao 2009, a peaxe da autoestrada subiu un 14,19%

... pero vostedes calabán, votaban en contra da transferencia e pagaban 7 M€ autonómicos para a bonificación da peaxe estatal.

RESPECTO Á POSIBILIDADE DE QUE FOMENTO ASUMA O INVESTIMENTO DA AMPLIACIÓN DA AP-9

- *Agora que as obras xa están practicamente executadas...*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fjades.diaonua.es

- *Agora que xa pasaron 6 anos dende que o seu Ministro Blanco decidira e asinara pagalas por medio do incremento da peaxe...*
- *Agora que a capacidade de investimento en infraestruturas do Goberno central é a terceira parte do que tiña o Goberno socialista.*
 - 7.540 M€ en 2017 / 21.240 M€ en 2010...*
- *Se o Ministro Blanco acudiu a este sistema cando tiña tres veces máis orzamento... agora non pidan que o Goberno popular o arranxe tendo tres veces menos.*

SOBRE A SUPRESIÓN DA PEAXE DA AP-9

Vostedes veñen demandando a supresión da peaxe da AP-9. O que queren é facer ruído para sacar rédito político. E tratan de confundir e de enganar á cidadanía... Igualando transferencia da AP-9 con gratuidade total e absoluta da peaxe, cando saben que iso non é así, porque hai responsabilidades patrimoniais que hai que cumprir.

E o que defendemos desde este grupo, e tamén é o que vén defendendo o Goberno da Xunta, é que non se pode pagar centos ou miles de millóns de euros públicos a unha empresa privada.

Hai que ser coherentes, por iso este grupo sempre defendemos, e defenderemos, que a autoestrada debe ser galega. Sabemos que o Goberno galego seguirá demandando nos foros adecuados esa transferencia e que continuará traballando para acadala. Pero o que non se lle pode é mentir á cidadanía, dicindo que por ser galega a autoestrada será gratis.

SOBRE A TRANSFERENCIA DA AUTOESTRADA

Este grupo, e desde o Goberno galego, seguimos crendo que o mellor para Galicia e para os galegos é a transferencia da titularidade da AP-9 a Galicia, a autoestrada que vertebra o territorio no que viven o 60% dos galegos.

Unha transferencia da que vostedes, cando gobernaban cos seus socios do PSOE, non querían. Ou iso parece, porque o Goberno Bipartito votou en contra dunha proposición non de lei presentada polo PP no Parlamento galego no ano 2007 na que se pedía esa transferencia para Galicia.

Nós estamos seguros de que o Goberno galego continuará co seu traballo para que esa autoestrada sexa galega e para garantir unha xestión máis apegada ao territorio. Porque sempre defendemos que estar sobre o terreo permitirá velar máis directamente polo correcto funcionamento da infraestrutura.

Non mudamos de criterio. Non somos coma outros que votan en contra dunha iniciativa ao respecto da transferencia da AP-9 e calan cando están no Goberno. E logo, cando están na oposición dedícanse a criticar e a facer ruído.

AVANCES ACADADOS COA COMISIÓN SOBRE A AP-9

Non debemos esquecernos do que xa temos logrado. Porque ten habido importantes avances no último ano. Por primeira vez se lle está a dar a Galicia participación na xestión da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fjades.diaonna.es

AP-9, constituíndose unha comisión na que se trata a xestión da autoestrada e na que participa a Xunta e o Ministerio de Fomento.

E temos conseguido máis que nunca na historia: porque o Goberno galego logrou librarse da obriga, asumida por vostedes cando estaban no Goberno Bipartito da Xunta e polo Goberno Zapatero, de pagar con diñeiro dos galegos cada ano 7 M€ en bonificacións dunha autoestrada titularidade do Estado. O que supón un aforro global de 400 M€ ata o fin da concesión. Isto significa que nos Orzamentos da Xunta de 2018 haberá 7 M€ máis ao ano para impulsar novos proxectos, como vías de alta capacidade libres de peaxe, que é polo que está a apostar o Goberno galego, que en plena crise económica puxo en marcha máis de 200 km de vías de altas prestacións libres de peaxe.>>

Intervén o Alcalde- Presidente para explicar que a suba de peaxes foi aprobada por acordo do goberno socialista.

A continuación sométese a moción a votación.

Con tres votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG, e seis abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP acórdase a aprobación da moción referenciada.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde levanta a sesión cando son as 14,42 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.: Roberto Rey Martínez

Asdo.: Carmen Gómez Otero